

**A AELG divulga  
literatura e  
teatro no  
ensino con  
unidades  
didácticas**

A entidade presenta os proxectos *A vila  
imaxinada* e *Escena para Todas 2020*

O web da Asociación de Escritoras e Escritores en lingua galega incorporaba este 25 de xaneiro as primeiras publicacións dos novos proxectos divulgativos desta entidade. As iniciativas, desenvolvidas co apoio da

Deputación da Coruña, pretenden achegar a literatura e o teatro do país aos centros de ensino mediante unidades didácticas. Deste xeito, o proxecto *A vila imaxinada* quere "explicar a relación entre literatura e os espazos, e definir a relación entre literatura e actitudes" mediante "xeitos alternativos de aproximar a literatura ás lectoras e lectores novos, convidando o estudantado a achegarse a ela desde os espazos nos que habita a rapazada e utilizando como referencias a aspectos actuais".

María López Sánchez, Antonio Manuel Fraga, Andrea Barreira Freije e Roi Vidal Ponte son responsables das catro unidades didácticas co seu correspondente vídeo, xa dispoñibles no web da AELG. Rosalía de Castro, *O bestiario científico de Anxos Nogueirosa*, *Palabra de bruxa* e o teatro galego son os eixes sobre os que pivotan estes contidos.

En paralelo, a iniciativa *Escena para Todas 2020* estréase cunha unidade didáctica de Camilo Franco sobre *Eroski Paraíso* de Chévere. Na



mesma, o autor "explica algunhas das razóns prácticas para ser espectadoras/es activas/os a partir de tres fragmentos da obra" que se poden ver en liña.